



Concello de **OURENSE**

Expte. Cividas: 2018019556

DECRETO DA ALCALDÍA. Ourense, na data da sinatura electrónica

Visto o informe-proposta elaborado, polo titular do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria, de data 26 de xullo, refrendado pola Sra. Concelleira Delegada de Facenda, en relación coa solicitude de aprobar unha transferencia de créditos feita pola Concellería de Participación Cidadá, mediante providencia de data 24 de xullo, visto o informe favorable de fiscalización emitido pola Intervención Xeral en data 22 de agosto de 2018, en uso das atribucións que me confire o artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 181 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposicións que a desenrolan, así como de acordo co artigo 14 das Bases de execución do Orzamento Municipal vixente, a data da presente, **ACORDO** :

1.- Aprobar a modificación orzamentaria 22-T/2018, utilizando a figura das transferencias de crédito entre aplicacións encadradas na mesma área de gasto, nos seguintes termos:

Área de gasto 9

A) APLICACIÓN QUE RECIBE CRÉDITO

Aplicación	Descrición	Importe
N190.9240.48956	Subvencións a Asociacións de veciños	20.345,80 €
Total Transf. Positivas:		20.345,80 €

B) APLICACIÓN QUE TRANSFIREN CRÉDITO

Aplicación	Descrición	Importe
N190.9240.22610	Gastos diversos oficina Participación Cidadá	7.705,80 €
N190.9240.22612	Animación nos barrios	12.640,00 €
Total Transf. Negativas:		20.345,80 €

2.- Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal aos efectos contables oportunos.

O manda e asina o Excmo. Alcalde-Presidente en funcións (Decreto da Alcaldía núm. 2018005480) do que eu, Oficial Maior, dou fe.

